



GOBERNO DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA.

Anuncio

Anuncio del Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia por el que se somete a Información Pública la modificación de la Autorización Administrativa Previa (AAP) y la solicitud de la Autorización Administrativa de Construcción (AAC) del PROYECTO MODIFICADO abril 2023 de la instalación «Parque Eólico Santuario», de 161 MW de potencia instalada, sus accesos y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Xermade, Vilalba y Guitiriz en la provincia de Lugo y As Pontes de García Rodríguez en la provincia de A Coruña, promovido por la mercantil «ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L. (unipersonal)». CÓDIGO PEol-422 .

A los efectos de lo establecido en el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico y en los artículos 125, 126, 127 y 131 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, así como el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se somete al trámite de información pública, de forma conjunta, la modificación de la Autorización Administrativa Previa (AAP) y la solicitud de la Autorización Administrativa de Construcción (AAC) del PROYECTO MODIFICADO abril 2023 de la instalación «Parque Eólico Santuario», de 161 MW de potencia instalada, sus accesos y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Xermade, Vilalba y Guitiriz en la provincia de Lugo y As Pontes de García Rodríguez en la provincia de A Coruña.

Órgano competente, a los efectos de autorizar la instalación de energía eléctrica indicada: Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

Órgano tramitador, a los efectos del trámite de Información Pública y alegaciones, consultas y notificaciones: Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en A Coruña, situada en la Delegación del Gobierno en Galicia, Plaza de Ourense, núm. 11, C.P. 15003, A Coruña.

Promotor-peticionario: ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L. (unipersonal), con C.I.F. B61234613, y domicilio social en c/ Ribera del Loira, núm. 60, C.P. 28042, Madrid.

Objeto de la solicitud: Modificación de la Autorización Administrativa Previa (AAP) y Autorización Administrativa de Construcción (AAC) del PROYECTO MODIFICADO abril de 2023 (código GRE.EEC.R.99.ES.W.14492.00.001.00 y núm. visado 20231319) de la instalación «Parque Eólico Santuario», de 161 MW de potencia instalada, sus accesos y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Xermade, Vilalba y Guitiriz en la provincia de Lugo y As Pontes de García Rodríguez en la provincia de A Coruña.

Términos municipales afectados: Xermade, Vilalba y Guitiriz en la provincia de Lugo y As Pontes de García Rodríguez en la provincia de A Coruña, este último afectado únicamente por la infraestructura de evacuación.

La Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico ha formulado Declaración de Impacto Ambiental (DIA) del proyecto del «Parque Eólico Santuario», de 180 MW de potencia instalada y su infraestructura de evacuación asociada, mediante Resolución de fecha 20 de enero de 2023, en la que se establecen las condiciones ambientales, incluidas las medidas preventivas, correctoras y compensatorias, que resultan de la evaluación ambiental practicada, en las que se debe desarrollar dicho proyecto para la adecuada protección del medio ambiente y los recursos naturales. Dicha Resolución ha sido publicada en el «Boletín Oficial del Estado» número 29, de 3 de febrero de 2023.

El 17 de abril de 2023 la Dirección General de Política Energética y Minas ha resuelto otorgar, a «ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L. (unipersonal)», la Autorización Administrativa Previa (AAP) para el «Parque Eólico Santuario», de 161 MW de potencia instalada y sus infraestructuras de evacuación. Dicha Resolución ha sido publicada en el «Boletín Oficial del Estado» número 101, de 28 de abril de 2023.

Como consecuencia de las condiciones que establece la Resolución por la que se formula la DIA, de fecha 20 de enero de 2023; condiciones en las que se debe desarrollar el proyecto para la adecuada protección del medio ambiente y los recursos naturales, el promotor-peticionario ha incorporado modificaciones en el proyecto tales que no se cumplen todas las condiciones detalladas en el artículo 115.2 del Real Decreto 1955/2000. Por lo tanto, el PROYECTO MODIFICADO abril 2023, que resulta, requiere una nueva autorización administrativa previa, siendo de aplicación los artículos 125, 126 y 127 del Real Decreto 1955/2000.

El 11 de mayo del 2023, considerando lo previsto en el artículo 122 del Real Decreto 1955/2000, el promotor-peticionario ha presentado, ante el Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia, solicitud dirigida a la Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico para que se realice un nuevo trámite de Información Pública y consultas, en los términos previstos en los artículos 125, 126, 127 y 131 del Real Decreto 1955/2000 y en la Disposición transitoria tercera del Real Decreto-Ley 23/2020, de 23 de junio, por el que se aprueban medidas en materia de energía y en otros ámbitos para la reactivación económica, al objeto de que dicha Dirección General de Política Energética y Minas modifique la Autorización Administrativa Previa (AAP) y otorgue Autorización Administrativa de Construcción (AAC) al PROYECTO MODIFICADO abril 2023 de la instalación, a los efectos y según lo previsto en los artículos 128 y 131 del referido Real Decreto 1955/2000.

Advertida por el promotor-peticionario una errata en el texto de los documentos técnicos del PROYECTO MODIFICADO abril 2023, en concreto en la transcripción de la coordenada del aerogenerador S-15, el 13 de junio del 2023 ha presentado ANEXO de fe de erratas suscrito por el técnico competente redactor del proyecto original, así como nueva DECLARACIÓN RESPONSABLE del mismo, con el objeto de subsanar lo indicado.

Características generales del PROYECTO MODIFICADO abril 2023 de la instalación «Parque Eólico Santuario», de 161 MW de potencia instalada, sus accesos y su infraestructura de evacuación:

1. Parque Eólico Santuario, de 161 MW de potencia nominal, integrado por veintitrés (23) aerogeneradores. La ubicación de los aerogeneradores proyectados será la especificada en la siguiente tabla mediante coordenadas UTM (ETRS89 Huso 29N):

Nº AEROGENERADORES	X	Y
S-02	595.460	4.804.037
S-03	595.450	4.803.258
S-04	595.074	4.802.279
S-05	594.432	4.802.031
S-06	593.945	4.804.135
S-07	593.569	4.803.249
S-08	592.524	4.802.504
S-09	593.059	4.802.517
S-10	593.622	4.801.927
S-13	593.371	4.799.564
S-14	594.219	4.798.983
S-15	595.223	4.798.950
S-16	595.263	4.797.275
S-17	593.662	4.796.150
S-18	594.098	4.795.660
S-19	594.063	4.794.986
S-20	594.442	4.794.485

S-21	594.314	4.793.793
S-22	594.818	4.793.104
S-23	596.057	4.794.519
S-24	596.311	4.793.541
S-25	596.522	4.792.923
S-40	595.276	4.804.950

La evacuación de la energía eléctrica generada por los aerogeneradores se realizará a través de doce (12) líneas subterráneas de 33 kV que conectarán el parque eólico con la subestación elevadora SET Santuario 33/220 kV.

2.- Subestación Elevadora SET Santuario 33/220 kV, que cuenta con una (1) posición de línea a 220 kV, una (1) posición de transformación de 200 MVA y las infraestructuras auxiliares.

3.- La Línea Aérea de Alta Tensión (LAAT) a 220 kV, que conecta la subestación Elevadora SET Santuario 33/220 kV con la subestación SET Colectora As Pontes 220/400 kV (que ha sido autorizada en el expediente PEol-421 «PE Tesouro»). La línea consta de 10,9 kilómetros, cuenta con cuarenta y uno (41) apoyos (numerados del 41 al 1) y sus características principales son:

- o Sistema: corriente alterna trifásica.
- o Tensión nominal: 220 kV.
- o Configuración: Simple circuito

4.- En la subestación SET Colectora As Pontes 220/400 kV, que ha sido autorizada en el expediente PEol-421 «PE Tesouro». se prevé la instalación de los siguientes elementos específicos:

- o Una posición de llegada de la línea aérea de alta tensión a 220 kV.

5.- Presupuesto de ejecución material: 169.159.596,16euros.

Lo anteriormente expuesto se hace público para conocimiento general, y especialmente de los interesados y afectados, para que puedan ser examinados los documentos técnicos del PROYECTO MODIFICADO abril 2023 de la instalación «Parque Eólico Santuario», de 161 MW de potencia instalada, sus accesos y su infraestructura de evacuación.

Podrán presentarse las alegaciones o informes que se consideren oportunos, en el plazo de treinta (30) días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la publicación del presente anuncio, a través del Registro Electrónico Común de la Administración General del Estado disponible en: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>, (Órgano: Delegación del Gobierno en Galicia- Área Funcional de Industria y Energía", código DIR3; EA0040576), en la oficina de Registro de las Subdelegaciones del Gobierno y otros Registros oficiales, o por alguno de los medios establecidos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (AAPP). Las alegaciones o informes presentados por entidades, personas jurídicas y profesionales obligados a relacionarse por medios electrónicos con las AAPP, se presentarán exclusivamente a través del Registro Electrónico Común citado, conforme al artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.

El artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, confiere con carácter general a las personas físicas el derecho de elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a ello.

Asimismo, las personas físicas podrán consultar la documentación, en formato digital, en el Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación de Gobierno en Galicia, Plaza de Ourense, n.º 11, A Coruña, C.P. 15003. La consulta presencial requerirá solicitar cita previa llamando al teléfono 981 98 95 59 o enviando un correo electrónico a industria.acoruna@correo.gob.es.

El PROYECTO MODIFICADO abril 2023 de la instalación podrá ser consultado a través del siguiente enlace:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/0460e2ab3e297aff011e1ce6b368ed66a0cd7143>

El ANEXO de fe de erratas citado podrá ser consultado a través del siguiente enlace:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/c288700ac7bb9cd1cf87bffd4e3fc8a765c0e799>

La DECLARACIÓN RESPONSABLE de fe de erratas citada podrá ser consultada a través del siguiente enlace:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/c115ecef9268af45b051d5dc200f69477d985df5>

También se podrá consultar en la sede electrónica de la Delegación del Gobierno en Galicia en "Procedimientos de información pública" dentro del apartado "Proyectos, Campañas e Información".

https://mpt.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/proyectos-ci/INFORMACION_PUBLICA/INSTALACIONES_ELECTRICAS.html

Todas las alegaciones o informes incluirán necesariamente el número de expediente PEol-422 al objeto de garantizar su inequívoca identificación.

A Coruña, 16 de junio de 2023.- El Director del Área de Industria y Energía, Francisco Javier Filgueira Rodríguez.

R. 1889

CONCELLOS
ANTAS DE ULLA
Anuncio

Concluído o procedemento selectivo incardinado no proceso de estabilización de emprego temporal para a provisión en propiedade das seguintes prazas, neste Concello:

As prazas que se convocan son as seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO		
DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº VACANTES	QUENDA DE ACCESO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	CONCURSO. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Mediante Resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2023 propónse o nomeamento a favor de:

NIF	Identidade do Aspirante	Puntos Obtidos
76****15T	SOBRADO SALGADO, DORIS	100,00

A aspirante proposta deberá acreditar ante este Concello, no prazo de cinco días hábiles desde a publicación do presente Anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, en concreto nas bases segunda e terceira, e ademais:

- a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións para desempeñar.
- b) Declaración xurada de non ser separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- d) No caso de ter a condición de discapacitados deberá presentar a certificación acreditativa do grao de discapacidade, tendo facultade a entidade para solicitarlle ao órgano competente a compatibilidade para o desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Toda a documentación se entregará mediante fotocopia desta mesma, que deberá corresponderse fielmente co seu orixinal, baixo a súa responsabilidade.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación requirida, ou se desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán contratarse e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade na solicitude ou documentación achegada para tomar parte no proceso de selección.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de

reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Antas de Ulla, 16 de xuño de 2023.- O alcalde en funcións, Javier Varela Pérez.

R. 1901

Anuncio

Concluído o procedemento selectivo incardinado no proceso de estabilización de emprego temporal para a provisión en propiedade das seguintes prazas, neste Concello:

As prazas que se convocan son as seguintes:

PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº VACANTES	QUENDA DE ACCESO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO SERVIZOS SOCIAIS	1	CONCURSO. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Mediante Resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2023 propónse o nomeamento a favor de:

NIF	Identidade do Aspirante	Puntos Obtidos
76****49J	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, ALICIA	100,00

A aspirante proposta deberá acreditar ante este Concello, no prazo de cinco días hábiles desde a publicación do presente Anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, en concreto nas bases segunda e terceira, e ademais:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións para desempeñar.
- Declaración xurada de non ser separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- No caso de ter a condición de discapacitados deberá presentar a certificación acreditativa do grao de discapacidade, tendo facultade a entidade para solicitarlle ao órgano competente a compatibilidade para o desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Toda a documentación se entregará mediante fotocopia desta mesma, que deberá corresponderse fielmente co seu orixinal, baixo a súa responsabilidade.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación requirida, ou se desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán contratarse e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade na solicitude ou documentación achegada para tomar parte no proceso de selección.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Antas de Ulla, 16 de xuño de 2023.- O alcalde en funcións, Javier Varela Pérez.

R. 1902

BEGONTE*Anuncio***CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS AÑO 2023.**

Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2023, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón-Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano. As ditas bases están a disposición dos interesados napáxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, a 19 de xuño de 2.023.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1913

GUITIRIZ*Anuncio***Exposición pública Conta Xeral 2022****EXPEDIENTE NÚMERO: 425/2023**

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2022, e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o 14 de xuño de 2023, exponse ao público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Corporación, durante 15 quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales, os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Guitiriz, 16 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1903

LÁNCARA*Anuncio*

De conformidade co decreto de 19 de xuño de 2023 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lánacara para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural":

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor
- Tres peóns
- Tres condutores de VMB
- Un tractorista

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Lánacara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Lánacara, 19 de xuño de 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1919

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

No Boletín Oficial da Provincia nº 053 do 4 de marzo de 2019, foron publicadas as "BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 26 DE OUTUBRO DE 2018, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 11ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018 - 2021" (Aprobadas por Resolución da Alcaldía o 25 de febreiro de 2019).

Tralas subvencións concedidas en dito marco, queda un remanente de crédito para esta finalidade. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos publicados no BOP de Lugo do 04/03/2019, ábrese un novo prazo de solicitudes dende o día da publicación deste anuncio no BOP ata o día 17 de xullo de 2020, ambos incluídos.

Rematado o novo prazo para solicitudes de ditas subvencións publicado no BOP de Lugo Nº 159 do 13 de xullo de 2020, volve quedar un remanente de crédito para esta finalidade. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos que figuran no BOP de Lugo do 04/03/2019, ábrese un novo prazo de solicitudes de sete días naturais dende o día da publicación deste anuncio no BOP.

Unha vez rematado o terceiro prazo para as solicitudes das subvencións da fase 11 da ARI, publicado no BOP de Lugo Nº 299 do 31 de decembro de 2022, segue quedando remanente de crédito para as subvencións da citada fase 11 da ARI de Monforte de Lemos. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos publicados no BOP de Lugo do 04/03/2019, ábrese un cuarto prazo de solicitudes de quince días naturais dende o día da publicación deste anuncio no BOP.

Monforte de Lemos, 16 de xuño de 25023.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1904

AS NOGAIS

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Primeiro.- Visto o disposto na resolución de Alcaldía de data 14/06/2023, 2023-0183, pola que se aproban as bases do proceso de selección dun limpador das instalacións das piscinas municipais, mediante concurso-oposición.

Segundo.- Advertido un erro material no anuncio publicado no BOP nº 140, do 20 de xuño de 2023, relativo á convocatoria das bases referentes á praza de limpador das instalacións das piscinas municipais, mediante concurso-oposición.

Terceiro.- Visto o disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal "*as Administracións Públicas poderán revocar, mentres non transcorrera o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención no permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico. 2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*"

Á vista de canto antedece, **RESOLVO:**

Punto Único.- Corrixir o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 140, do 20 de xuño de 2023, onde di:

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 3 de abril de 2023, nº 2023-0085 e 2023-0087, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de concurso-oposición e posterior contratación de catro persoas para os postos de peón de obras públicas (4), ao abeiro do Plan Único de Cooperación dos Concellos 2023, da Deputación Provincial de Lugo (Reforzo do Emprego).

Duración do Contrato: Seis meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web www.concelloasnogais.es e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Debe dicir:

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 14 de xuño de 2023, nº 2023-0183, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de concurso-oposición e posterior contratación dunha persoa para o posto de persoal para a limpeza das piscinas municipais.

Duración do Contrato: Dous meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web www.concelloasnogais.es e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

As Nogais, a 20 de xuño de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1918

POL*Anuncio***PUBLICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DO REGULAMENTO NO B.O.P.**

Rematado o prazo de exposición pública do acordo do Concello de data 1 de marzo de 2023, referido á aprobación provisional do Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Pol publicado no BOP con data 13 de marzo de 2023.

Non tendo sido presentada ningunha reclamación e unha vez transcorrido o período de exposición pública, o devandito acordo elévanse a definitivo, segundo o establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e procédese á publicación do texto íntegro do Regulamento especial de honras e distincións, tal e como figura no anexo deste anuncio.

Contra este acordo, elevado a definitivo, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao do a publicación deste acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Pol, a 28 de abril de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE POL**TÍTULO I****Das distincións honoríficas****ARTIGO 1.**

1. Mediante o presente Regulamento régulase o proceso de concesión de honras e distincións municipais a aquelas persoas naturais ou xurídicas merecedoras do devandito recoñecemento, a teor do disposto nas disposicións legais vixentes en materia de réxime local da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 186 ao 191 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

2. As distincións que poderá conceder o Concello de Pol para premiar méritos e servizos extraordinarios son as seguintes:

- Título de Fillo Predilecto.
- Título de Fillo Adoptivo.
- Medallas de ouro e prata.
- Título de Cronista Oficial.
- Denominación de rúas, prazas ou edificios e espazos públicos.

3. Todas as distincións teñen un carácter exclusivamente honorífico, sen que outorguen ningún dereito económico ou administrativo.

Principios e criterios que deben rexer as distincións honoríficas

ARTIGO 2.

1. Para a concesión de todas as distincións honoríficas que quedan enumeradas, o Concello de Pol observará as normas regulamentarias que se establecen neste Regulamento.
2. A intención municipal de valorar no alto grao as concesións honoríficas que son obxecto deste Regulamento, conduce a regular que o seu número sexa limitado, en atención aos principios de exemplaridade e estímulo das accións recoñecidas.
3. Os criterios que informarán os expedientes instruídos para o efecto, basearanse no recoñecemento público de condutas, e en concreto teranse en conta os seguintes valores: fidelidade, exemplaridade, honestidade, xenerosidade, sabedoría, valor, todos eles postos en relación co servizo público.

TÍTULO II

Dos títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a

ARTIGO 3.

1. A concesión do título de Fillo/a Predilecto/a só poderá recaer en quen, nado en Pol, destacasen de forma extraordinaria, sexa polas súas calidades ou méritos persoais ou polos servizos prestados en beneficio ou honra do Concello de Pol.
2. A concesión do título de Fillo/a Adoptivo poderá outorgarse a persoas que, sen nacer en Pol, reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.
3. Tanto o título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a poderán concederse a título póstumo a quen reúna as condicións e merecementos mencionados.

ARTIGO 4.

1. A concesión dos títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a será acordada por unanimidade do Concello Pleno, previo expediente instruído para o efecto, no que deberán acreditarse os méritos que xustifiquen estas honras, a proposta do Alcalde-Presidente.
2. A Corporación municipal sinalará a data da celebración da sesión plenaria extraordinaria na que se concederá a distinción honorífica.
3. Os títulos estenderanse en pergamiño artístico, o cal conterá de maneira moi sucinta os merecementos que motivan e xustifican a súa concesión e a lenda “Fillo Predilecto/a” ou “Fillo/a Adoptivo/a”, segundo proceda.

ARTIGO 5.

1. As persoas a quen se conceda os títulos de Fillo/a Predilecto/a ou Fillo/a Adoptivo/a de Pol, previa invitación oficial, terán dereito a acompañar á Corporación Municipal nas solemnidades a que esta conorra, ocupando o lugar que para eles estéalles sinalado.
2. Estas distincións teñen carácter vitalicio e non poderá superar a cifra de cinco, para cada título, mentres vivan os distinguidos, salvo casos excepcionais, nos que a concesión do título deberá ser acordada por unanimidade da Corporación.

TÍTULO III

Das medalla do Concello de Pol

ARTIGO 6.

1. A Medalla do Concello de Pol é unha recompensa municipal creada para premiar ou recoñecer os méritos extraordinarios que concorran en persoas, entidades ou corporacións, tanto nacionais como estranxeiras por prestar servizo ou dispensado honras ou beneficios culturais ou sociais a Pol.
2. Estas medallas poderán ser concedidas a título póstumo dentro do ano seguinte ao do falecemento do distinguido.
3. Establécense tres categorías: ouro, prata e bronce
4. Para determinar en cada caso a procedencia da concesión e a categoría da medalla para outorgar, deberá terse en conta a índole dos méritos e servizos, a transcendencia do labor realizado en beneficio ou honra de Pol e as particulares circunstancias da persoa proposta para a condecoración, prevalecendo sempre a calidade dos merecementos sobre o número dos mesmos.

ARTIGO 7.

1. A Medalla do Concello de Pol terá a forma do Escudo do Concello, o cal figurará gravado no anverso. No reverso farase constar o nome da persoa distinguida e a data de outorgamento.

2. Co obxectivo de que a concesión das medallas non se devalúe, non se poderá conceder ao ano máis dunha medalla.

ARTIGO 8.

1. O acordo para a concesión da medalla adoptárase en sesión plenaria por unanimidade, previa apertura dun expediente no que se recollan os méritos. A concesión caducará cando faleza o distinguido.

2. Cando a concesión das medallas recaia en funcionarios e empregados municipais haberá que aplicar, ademais das normas recollidas neste regulamento, as que figuren na lexislación vixente sobre funcionarios e empregados da Administración local.

3. No caso de que se concedan a persoas ou entidades estranxeiras será preciso a autorización do Ministerio das Administracións Públicas, previo informe do Ministerio de Asuntos Exteriores.

4. As medallas serán outorgadas nun acto solemne, na data que sinale o Concello, acompañadas do correspondente diploma e insignia de lapela.

TÍTULO IV

Título de Cronista Oficial

ARTIGO 9

1. O título de Cronista Oficial de Pol recoñece o labor das persoas que realizen estudos, investigacións ou editado algunha publicación relacionados co municipio e manteñan vinculación co Concello.

2. O nomeamento de Cronista Oficial acordárase por unanimidade do Concello a proposta da Alcaldía-Presidencia, previo expediente instruído para ese efecto, no que deberá acreditarse a vinculación permanente da devandita persoa con Pol e os traballos que se desenvolveron.

3. A concesión desta distinción terá lugar no transcurso dunha sesión plenaria extraordinaria convocada para o efecto, na que o Alcalde entregará ao distinguido un pergamiño artístico acreditativo do recoñecemento e un distintivo de lapela.

ARTIGO 10.

1. O Título de Cronista Oficial de Pol é unha distinción puramente honorífica, polo que non trae consigo ningunha compensación económica.

2. Esta distinción terá carácter vitalicio. Con todo, poderá cesar por decisión propia ou por acordo plenario e previa instrución de expediente por causa de indignidade para o título.

3. Non se poderá conceder máis dunha distinción ao ano e a cifra de cronistas do Concello non poderán ser superior a catro.

TÍTULO V

Denominación de rúas, edificios públicos e monumentos

ARTIGO 11.

1. Poderá outorgarse a espazos públicos, rúas, edificios e monumentos, o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, ben sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor de Pol, ou pola súa relevancia indiscutible nos ámbitos culturais, sociais, científicos, deportivos ou análogos.

2. A denominación outorgárase polo Concello Pleno, previa aprobación por unanimidade.

3. No acordo de otorgación, cando se trate de denominacións co nome dunha personalidade viva, facultarase ao Ilustrísimo Alcalde para fixar a data na que, en acto público, o distinguido procederá a descubrir a placa da honra concedida.

ARTIGO 12.

A concesión de placas, diplomas, inscricións e outro tipo de agasallos institucionais, con carácter honorífico, de recoñecemento ou de agradecemento, será acordada por unanimidade do Concello Pleno, previo expediente instruído para o efecto, no que deberá acreditarse os méritos que xustifiquen estas honras, a proposta do Alcalde-Presidente.

TÍTULO VI

Da declaración de Loito Oficial.

ARTIGO 13.

O Sr. Alcalde, mediante Decreto do que se dará conta o Pleno, poderá acordar a declaración de loito oficial no Concello cando sucedan feitos que aconsellen esta decisión. Nestes casos, as bandeiras de todos os edificios públicos ondearán a medio mastro e levarán colgado un crespón de cor negra.

TÍTULO VII

Do procedemento para a concesión de honras e distincións.

ARTIGO 14

1. A concesión das distincións honoríficas que se recollen neste Regulamento serán obxecto de apertura dun expediente no que se recollan os méritos e circunstancias que xustifican a súa concesión.
2. A iniciación do procedemento farase por resolución de Alcaldía, xa sexa por propia iniciativa ou a requirimento dunha terceira parte dos membros da Corporación.
3. Na tramitación do expediente recollerase: exposición de motivos, notas biográficas da persoa proposta ou breve recensión histórica da entidade proposta, currículo e accións meritorias reseñables.
4. Se o Pleno acorda o seu outorgamento, comunicarse ao interesado a resolución coa certificación da Secretaría do Concello.

ARTIGO 15.

1. Todas as honras e distincións concedidos serán rexistrados no Libro-Rexistro de Honras e Distincións, que será, pola súa importancia, levado e custodiado persoalmente polo Secretario da Corporación.
2. O Libro-Rexistro estará dividido en tantas seccións como distincións honoríficas regule este Regulamento.
3. En cada sección inscribírase, por orde cronolóxica de concesión, os nomes e as circunstancias persoais de cada un dos favo favorecidos, os méritos que se lle atribúen, a data da concesión e a do falecemento para quen recibe o distintivo a título póstumo.
4. O Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste Regulamento, coa consecuente cancelación do asento no libro-rexistro, a quen incorra en faltas que aconsellen esta medida extrema. o acordo da Corporación en que se adopte esta medida irá precedido da proposta e informe reservado da Alcaldía e requirirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorgar a distinción de que se trate.

Disposición derogatoria

Quedan derogados e sen ningún efecto calquera normas, ordenanzas, regulamentos ou acordos anteriores que sobre esta materia contradigan o establecido no presente, que entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial de Lugo.

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e estará vixente até a súa modificación ou derogación expresa.

Pol, a 28 de abril de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1315

SAMOS

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS. Advertidos erros no Decreto de Alcaldía nº 2023-0059 de data 5 de maio polo que se aproban as BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 COIDADOR/A DE VIVENDAS COMUNITARIAS DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO, que foi publicado no BOP nº106 o día 10/05/2023.

Visto o Decreto de Alcaldía nº2023-0091, de corrección de erros

- Na base cuarta (4.REQUISITOS DOS ASPIRANTES) das que regulan o proceso selectivo, **onde di:**

"Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma,e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 3 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.."

Debe dicir:

"Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas

relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.”

- Na base oitava (8.PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN) das que regulan o proceso selectivo, **onde dí:**

“**PROBA DE GALEGO:** Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia”

Debe dicir:

“**PROBA DE GALEGO:** Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia”

- No anexo II, **onde dí:**

“o Permiso de conducción en vigor tipo C.”

Debe dicir:

“o Permiso de conducción en vigor tipo B.”

Samos, 16 de xuño de 2023.- O Alcalde en funcións, Julio Gallego Moure.

R. 1905

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño 2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a MAIO/2023, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 15 de xuño de 2023.- ALCALDE PRESIDENTE en funcións, Julio Gallego Moure.

R. 1906

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 02/06/2023, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

O CORGO: titular: DON DOMINGO OTILIO PÉREZ LIDOR. DNI 76*972R.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 6 de xuño de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1907

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 02/06/2023, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

RÁBADE: titular: DON JOSÉ MANUEL TRASHORRAS LÓPEZ. DNI 76*345L.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 6 de xuño de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1908

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : **V/27/01618**

PETICIONARIO : José Luis Barrio García

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Vivienda en O Cabalo
LOCALIDAD : O Cabalo, Orbazai (San Miguel)
TÉR. MUNICIPAL : Lugo
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en O Cabalo" - "José Luis Barrio García", con un volumen máximo anual de 219 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separadora de grasas
- Decantador digestor con filtro biológico
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1909